



Parlamento das Letras: Xabier López López

Publicado o [20/01/2014](#)

Xabier López López é o infatigable pescudador, sempre á procura do diamante literario perfecto. Esa denodada procura teno levado a traballar no puído de todo tipo de xemas: novela curta e longa e tamén relato, creacións para novos e non só, textos de ambientación histórica de moi variadas épocas (igual o Medievo artúrico que a I Guerra Mundial, tanto os comezos do XX coma os anos 80), con fórmulas estruturais ben dispares (contrapuntísticas, longos flash-backs, epistolares, relatos en primeira persoa, evocacións memorísticas, narracións por agregación e outras) e estéticas múltiples (dende os discursos de pouso historizante ata as prosas líricas pasando pola escrita máis urbana e noir).

Tan intensa experimentación deixou tras de si un longo ronsel que o converteu nun dos narradores máis sólidos dos últimos anos, decote á busca de novos mares literarios que singrar, sempre inconformista e en absoluto previsible.

Esa súa incesante quese do grial narrativo regalounos personaxes inesquecibles, páxinas memorables nas que fomos sabendo do Risco mitteleuropeo, do Mondariz máis brillante, da identidade especular e primate, do Artur precamelotiano, da soidade glacial de todas as guerras, das peripecias de mil e un aventureiros, en fin, de innúmeros soños narrativos cos que este bergondés de radicación bentanceira leva deleitándonos nos últimos tres lustros.

Velaí a labra da palabra que se dá a quen con ela pretende habitar, fábrica do artesán que de si ofrece sempre a máis acabada mercadoría literaria.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Os meus primeiros textos “impresos”, fóra dalgún concurso de corte escolar, foron os que viron a luz en *A Xanela*, a Revista Cultural das Mariñas, daquela, coma hoxe en día, dirixida por Xesús Torres Regueiro e editada pola Asociación Cultural Eira Vella de Betanzos. Falamos dos anos 95 ou 96, e un deles, o relato breve titulado “Lobishome López” (froitto, sen ningunha dúbida, dunha empachosa sobredose de lecturas de Boris Vian), coido que foi algo así como toda unha declaración de intencións: fala dun licántropo que, nos días de plenilunio, no canto de saír aos camiños para “saciar a súa sede de sangue”, se botaba a escribir e escribir sen pausa deica o abrente. O que non quitaba, non obstante, que rematase coa cabeza espetada nun pau, que é o menos que merece quen se empeña en facer cousas coma esa. O meu primeiro libro como tal, aparecido en setembro de 1997, foi *Biff, bang, pow! (novela case negra)* e editouno Carlos Lema, daquela director de publicacións de Sotelo Blanco, na colección Doce X Vintedous.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

A verdade é que sería ben inxusto formular a máis pequena queixa sobre o tratamento que me dispensaron tanto público coma crítica nestes xa máis de quince anos no “asunto”. Sen ser nin de lonxe un mundo perfecto, a literatura é —agás contadas excepcións— un mundo que tende a ser medianamente xusto e a dar a cada quen, a diferenza do mundo de aí fóra, o que realmente se merece. Postos a singularizar, supoño que a miña novela mellor tratada foi *A vida que nos mata*, a primeira —e creo que a única— “novela negra” galega que recibiu, a día de hoxe, o Premio da Crítica española (amais do García Barros de novela, que foi quen a puxo nas librerías) alá polo ano 2003; a máis desapercibida —e só por dar un título— poida que fose *A extraña estrela*, unha obra que, malia supor a miña primeira tradución a outra lingua (editouna Deriva Editores en portugués no 2004) quedou un tanto “solapada”, creo eu, por un ano que comezou coa entrega do Lueiro Rey a *O mono no espello*, concedido en novembro de 2002, e a xa referida *A vida que nos mata*, que se publicou como gañadora do García Barros en novembro do 2003. Se no espazo dun ano rematas por publicar tres títulos, entra dentro do previsible que algún deles non conte coa atención que merecería de poder ter máis tempo entre cita e cita co prelo.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Cando máis novo —e quero dicir, cando comecei— escribía á noite, ata altas horas da madrugada, con café e tabaco suficiente como para xuntar un día con outro. Agora que deixei de fumar e que me vexo na obriga de “supeditar a miña axenda” á dos meus fillos, os tempos de escrita non obedecen nin a horarios nin a manías ningunhas. Bastante sorte é poder atopar un momento para xuntar unha liña con outra!

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Polo xeral —e xa non sei se por pudor ou falsa modestia— a meirande parte dos escritores refugan contestar unha pregunta deste estilo. Eu, sen deixar de apuntar que si, que é certo, que deben ser outros quen se ocupen deste tipo de “clasificacións”, podo entender unha dobre “sistematización” tocante a min e á miña obra: por nacemento, queirámolo ou non, non podo desmarcarme deses autores de noso nados a mediados dos 70 coma, poño por caso, Manuel Darriba, Diego Ameixeiras, Rosa Aneiros ou mesmo Mario Regueira; por outra banda, a crítica especializada incluíume, polas datas nas que publiquei as miñas primeiras novelas, na chamada “Xeración dos 90” xunto con autores nados nos 60 e mesmo nos últimos anos da década anterior: Xurxo Borrazás, Jaureguizar, Antón Riveiro Coello, Xavier Queipo... Ningún dos dous anteriores grupos, debo dicilo, supón ningunha incomodidade para min; ao contrario. Outra cousa é que saibamos, como lectores de vello que somos, que o máis definitorio dun escritor, por riba de almanaques, xeracións ou afinidades, deba ser a súa máis absoluta e irrenunciable singularidade.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Pois non o sei, a verdade. Sobre todo se intentamos darlle ao asunto certo cariz “académico”. Polo que respecta ás miñas intencións como autor, poderíamos dicilo así, só podo quedarme co máis parecido a unha convicción que acerto a manexar nun mundo cheo de azar, intuicións e mesmo casualidades: aínda a risco de carecer dun “lectorado fiel”, intento facer algo distinto con cada texto novo que publico: non entendo a creación sen aprendizaxe; se non aprendo algo novo cada vez que escribo, o edificio comeza a esboroarse...

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Díxeno tantas e tantas veces que agora non podo esquecerme del so pena de parecer un “tipo pouco fiable”: sen Thomas Mann (e singularmente sen *A montaña máxica*) probablemente non entendería nin a metade da vida que vivo. Con iso non quero dicir que queira parecerme a el (fóra dalgunha homenaxe, creo que bastante obvia, que lle fixen en *Doutor Deus*), nin que non o entenda definitivamente superado. Se quedo con el é por cuestións de economía: se relaciono aquí as lecturas ou escritores aos que regreso —e volvo a regresar— decote, corremos o risco de quedar sen espazo. E isto non é ningún falar por falar, de verdade que non.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Sobrar, nada; só faltaría! E benvidas sexan todas as achegas, que boa falta nos fan... Nun sistema literario normalizado hai, e ten que haber, de todo. Dende o punto de vista do déficit... pois se cadra algo co que non poderemos contar ata que o sistema se normalice, se é que se normaliza algún día: un lectorado crítico —non militante— e unha crítica que poida abordar os textos sen antes verse na obriga de ter que celebrar a súa chegada ás librarías.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Pois seguramente algo que está aí, que sospeito, que intúo, que teño a certeza de que está aí e que tarde ou cedo... Doutro xeito, mellor coller e deixalo todo.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Postos a ser sintéticos, a derivada dun estado de cousas que ben podería deducirse dun sinxelo anuncio de palabras: “Escritor máis ou menos competente busca...”. Onde están os lectores? A balanza, estimo, atópase cada vez máis descompensada.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Á marxe de agradecer a atención que se me dispensa con este Parlamento, unha petición para todo tempo: merquen, agasallen e lean libros, e se son en galego, mellor. Estou certo de que o xesto ha cotizar nalgures.